

INSTRUCCIÓN DE CONFIGURACIÓN DO DOBRE FACTOR DE AUTENTICACIÓN

Configuración baseada no uso principal de *MS-Authenticator*, quedando a extensión fixa do despacho como mecanismo alternativo.


1.- Colla o seu **teléfono móbil**. Abra a app *MS-Authenticator*.

- o Se vostede xa deu de alta a súa conta profesional na app, por favor, elimínea premendo nela, pinchando na roda de configuración (parte superior dereita da pantalla) e elixindo *“Quitar conta”*.


2.- Pase ao seu **ordenador**. Abra un navegador e vaia a **nube.usc.gal**

3.- **Inicie sesión** coas súas credenciais da USC, se non a ten xa iniciada.


4.- **Prema na icona da parte superior dereita**, que debería conter as súas iniciais ou a imaxe de perfil elixida:



5.- **Prema en “Ver conta”**:



6.- No apartado *“Información de seguridad”*, prema en *“Actualizar información”*:



7.- **Prema en “Engade un método de inicio de sesión”**:



8.- Despreque as opcións dispoñíbles. Elixa **“Aplicación de autenticador”**:




9.- Prema en **“Engadir”**:



10.- Prema en **“Seguinte”**, porque xa debería ter instalado MS-Authenticator:



11.- Prema en **“Seguinte”**:



12.- Aparecerá unha pantalla cun código QR. Deixe aquí o seu ordenador e **colla o teléfono móbil**.



13.- No móbil, na app MS-Authenticator:

13.1.- Elixa **“Engadir unha conta”** (Pode que teña que premer no símbolo **+** se non presenta esa opción)

13.2.- Elixa **“Engadir unha conta profesional”**

13.3.- Elixa **“Escanear un código QR”**


13.4.- Lea co móbil o código QR que aparece na pantalla de configuración. Automaticamente deberá incorporar a súa conta da USC a MS-Authenticator.

14.- Volva ao seu ordenador e prema en “**Seguinte**”:


15.- Pedirá que **responda a unha notificación** enviada ao móbil. **Confirme a notificación**.



16.- Aparecerá unha pantalla co Authenticator engadido. Para utilizar a chamada á extensión fixa como método alternativo, **prema en “Engade un método de inicio de sesión”**:



17.- Elix a “**Teléfono**” no despregable e prema en “**Engadir**”:




18.- Introduza os datos do seu teléfono fixo da oficina:

18.1.- Despregue os países e **escolla “España (+34)”**. Non é doado de atopar. A lista está en galego, pero ordenada polos seus equivalentes en inglés! Baixe ata o “S”.


18.2.- **Introduza** o número completo da súa extensión fixa: **8818xxxxx**, onde xxxxx é o número da súa extensión. (Por exemplo, para a extensión 11045, o número a inserir é 881811045).

18.3.- **Active** a casilla de verificación “**Chámame**”


18.4.- Prema en “**Seguinte**”.



19.- O sistema efectuará unha **chamada de proba** ao teléfono fixo. **Responda e siga as instrucións** da locución correspondentes a un **inicio de sesión**, **premendo no teléfono a tecla que se lle indique**. Prema en “**Listo**” cando remate a operación.




20.- Agora figurarán como **activados os dous sistemas** alternativos:



21.- Se o desexa, pode inserir un segundo número alternativo á extensión fixa, seguindo os mesmos pasos que para ela.

22.- Finalmente, establecemos o método principal, premendo en “**Configurar método de inicio de sesión predefinido**”.

23.- Abra o desplegable, elixa “**Microsoft Authenticator: notificación**” e prema en “**Confirmar**”.



23.- A partir deste momento vostede ten xa configurado o segundo factor de autenticación.

Aviso final:

A configuración que ven de levar a cabo non implica que xa quede activado o dobre factor de autenticación. Esta activación levarase a cabo desde a área TIC cando vostede o solicite a través do establecido no paso 3, o seguinte ítem do desplegable que está a seguir.